ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

AUD.PROVINCIAL SECCION N. 6 PONTEVEDRA

SENTENCIA: 00096/2018

N10250
C/LALÍN, NÚM. 4 - PRIMERA PLANTA - VIGO
Tfno.: 986817388-986817389 Fax: 986817387

BN

N.I.G. 36057 42 1 2016 0003998
ROLLO: RPL RECURSO DE APELACION (LECN) 0000443 /2017
Juzgado de procedencia: XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 1 de VIGO
Procedimiento de origen: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000263 /2016

Recurrente: [redacted]
Procurador: [redacted]
Abogado: [redacted]
Recurrido: MINISTERIO FISCAL, VODAFONE ESPAÑA, S.A.
Procurador: [redacted]
Abogado: [redacted]

A Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, composta polos maxistrados [redacted] **, Presidente,** [redacted] **e** [redacted], pronunciou

NO NOME DO REI

a seguinte

S E N T E N Z A Nº 96/18

Vigo, dezaseis de abril de dous mil dezaoito.

VISTOS en grao de apelación, ante a Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do xuízo Ordinario 263/16 procedentes do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 1 de Vigo ós que correspondeu o rolo 443/17, nos que aparece como parte **apelante e demandante** [redacted] **representada polo/a procurador/a** [redacted] **e asistida do/da letrado/a** [redacted] e como **parte contra da que se apela e demandada VODAFONE ESPAÑA S.A.U, representada polo/a procurador/a** [redacted] **e asistida do/da letrado/a D./D.ª** [redacted] Sendo parte nesta apelación ó **MINISTERIO FISCAL.**

É o maxistrado **relator** [redacted], quen expresa o parecer da Sala.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O Xulgado de 1.ª Instancia Núm. 1 de Vigo, con data do 6 de marzo de 2017, ditou unha sentenza coa seguinte parte dispositiva:

> "Desestimando en su integridad la demanda promovida por la representación de [redacted] contra Vodafone España S.A.U., debo absolver y absuelvo a la demandada de las pretensiones contra ella deducidas; con expresa imposición a la actora de las costas procesales."

Segundo: Contra a dita sentenza o/a procurador/a [redacted] en representación de Asesores Moreira Renovables S.L., presentou un recurso de apelación, que foi admitido en ámbolos efectos, consonte o disposto no artigo 455 da Lei de axuizamento civil (LAC).

Logo de cumpri-los trámites legais, eleváronse as presentes actuacións á Audiencia Provincial de Pontevedra e correspondéronlle por quenda de reparto a esta Sección Sexta con sede en Vigo. Sinálase para a deliberación do presente recurso o día 11 de xaneiro de 2018.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Con independencia doutras posibles débedas -cuestión que posteriormente examinarase-, toda a problemática da lite xira en realidade sobre un feito moi concreto: Se a parte actora deu de baixa un dos seis números de teléfono móbil contratados (concretamente o nº [redacted]), ou consentiu alomenos ese feito. De ser así, a demandante non tería acatado o pacto de permanencia, o que daría á compañía de teléfonos o dereito a exixir a indemnización acordada para ese suposto, e que, como impagada, foi a causa da inclusión da demandante no rexistro de insolvencias. Ou por expresalo doutro xeito, o triunfo da acción desplegada pola sociedade demandante, ao estimar que houbo unha intromisión ilexítima na súa honra, por ser indebidamente incluida no rexistro de morosos, pasa inevitablemente pola inveracidade da débeda, xurxida de incumprir o acordo de permanencia coa compañía telefónica.

A sentenza ditada en primeira instancia rexeita a demanda co argumento de que se achegou á lite un documento expresivo de cambio de titular daquel número telefónico asinado pola propia demandante ou, para o caso de que non houbérao asinado, teríao consentido, o que infiriríase dos vencellos existentes entre a

sociedade actora e a outra persoa, alternativamente asinante do cambio.

Certamente, que houbo un cambio de titular do teléfono, non só resulta patente desa proba documental, senón tamén porque é algo recoñecido polos litigantes. A única discrepancia -determinante para decidir o preito- radica, insistimos, sobre se a parte actora autorizouno.

Segundo: Centrados nestes termos o debate, o mesmo haberá que decidilo á luz das probas achegadas á lite, documentala e testemuñal.

A proba documental, certamente non contradita por ningunha outra, reflicta que a hoxe actora, quer realizou ela mesma o cambio, quer coñeceuno e consentiuno alomenos.

O documento esencial que xustificará o cambio, nalgunha das duas anteriores alternativas, aparece unido ao folio 163 dos autos. Certo é que a parte demandante nega a autenticidade da sinatura, pero non o é menos que, como atinadamente advirte a sentenza de instancia, a impugnación non priva de eficacia ao documento, absolutamente e sen excepcións nin matizacións, sempre que existan datos e circunstancias que leven afirmar a súa veracidade. Pois ben, a este respecto cómpre reseñar: A) Que o único que négase realmente do documento é a bondade da sinatura, ou sexa, que o documento de cambio de titularidade do número de teléfono apareza asinado polo representante legal da sociedade ou, polo menos, por persoa autorizada por ela. B) Que a sinatura que aparece nese documento, de data 20 de novembro de 2013, correspóndese -a similitude é evidente, e a demandante non a nega propiamente- coa que figura nos dous documento de contratación da liña telefónica, da mesma data de 22 de febreiro do mesmo ano, nos que figura como contratante a actora como "empresa", tal como di a correspondente casilla, documentos no que aparece como asinante o "xerente". C) Xa que logo, e como irreprochablemente reseña a sentenza de primeira instancia, ou a sinatura do documento hoxe cuestionado é do administrador da sociedade ou, de non ser así, e se o documento foi asinado pola [redacted], esta mesma aparece como a autora da sinatura dos outros dous documentos, o que sería demostrativo dun fondo vencellamento entre as dúas persoas, natural e xurídica, e que conduce, en fin, a presumir a participación ou a autorización no cambio de titularidade desta última a favor daquela primeira.

A fonda relación entre a actora e a [redacted], titular agora do teléfono, colíxese igualmente doutros feitos: A) Ainda que esta última alleou as súas participacións sociais ao outro socio antes da subscrición do contrato coa compañía de teléfonos, non parece que aquela desvínculárase definitivamente da sociedade, e menos ainda do outro socio,

presumiblemente cun grao de parentesco moi próximo entre eles. B) En efecto, a coincidencia de apelido entre os socios –e igualmente na denominación da sociedade-, e moi especialmente de lugar de domicilio daqueles dous ([redacted]) corrobora a tese que mantemos. C) Por último, a mención nos dous documentos de contratación dos teléfonos, da mesma data de 22 de febreiro de 2013, da entidade actora, con expresión dos dous correos electrónicos, da [redacted] e de [redacted] e, en fin, dun teléfono de contacto coincidente, pechan definitivamente o círculo argumental.

Por outra banda, non resulta explicable que se produza un cambio de titularidade do teléfono, a exclusión da súa utilización por parte da demandante, e o uso por parte da [redacted], en unión da realización dos cargos dos gastos telefónicos na conta desta última, sen coñecemento nin denuncia ningunha por parte da primitivo titular do teléfono, á postre privado do mesmo, nunha actitude tan serodia como expresiva de que o cambio estaba operado pola entidade ou, en todo caso, consentido.

Finalmente, e xunto á débeda debatida, por incumprimento do pacto de permanencia, aparecería outra, derivada esta última de impagamentos propiamente ditos de servizos telefónicos –algo colexible paladinamente das probas documental e testemuñal-, que virían incrementar aquela primeira, cun saldo debedor resultante que xustificaría a inclusión no rexistro de morosos.

Por todo o dito o recurso e a demanda non poden prosperaren xa que a reclamación da débeda aparece documentalmente contrastada, e a falta de requerimento de pagamento aparece como unha cuestión novidosa desta alzada, non alegada na demanda.

Terceiro: Non aparece circunstancia ningunha de excepción que aconselle non aplicar o criterio xeral do vencimento obxectivo, disposto para as custas procersuais desta alzada polo artigo 398 da L. A. C.

Por todo o exposto, e pola autoridade que a este Tribunal lle outorgan a Constitución e o pobo español,

III. DECIDIMOS

Que desestimamos o recurso de apelación promovido por [redacted] representado polo Procurador [redacted] contra a sentenza ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Vigo o día 6 de marzo de 2017, con expresa imposición das custas procesuais desta alzada á parte

apelante.

Esta é a nosa sentenza, que asinamos, e que se redacta en galego consonte o establecido no art. 3.2 e 3 da Constitución española; no art. 5.1, 2 e 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril; e nos arts. 1, 2, 6.3, e 7.2 e 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia, de normalización lingüística.

Notifíqueselles ás partes a presente resolución.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra a presente sentenza cabe interpoñer recurso de casación por tratarse dun proceso que presenta interese casacional, sobre a base do establecido no art.º 477 da LEC, debendo interpoñer dentro dos vinte días seguintes á súa notificación na forma establecida no art.º 479 da LEC. Asímesmo cabe interpoñer recurso extraordinario por Infracción Procesual sobre a base do establecido no art.º 468 da LAC, debendo interponer dentro dos vinte días seguintes a súa notificación na forma establecido no artº 479 da LAC.

Devólvanselle os autos orixinais ó xulgado do que proceden, cun testemuño desta sentenza para o seu coñecemento e cumprimento.

NOTA INFORMATIVA: Conforme á D.A. Décimo quinta da L.O.P.J., para a admisión do recurso deberase acreditar ter constituído, na conta de depósitos e consignacións deste órgano, un depósito de 50 euros, salvo que o recorrente sexa: beneficiario de xustiza gratuíta, o Ministerio Fiscal, o Estado, Comunidade Autónoma, entidade local ou organismo autónomo dependente.

O depósito deberá constituílo ingresando a citada cantidade no BANCO SANTANDER, sucursal r/ Coruña, na conta deste expediente [redacted] salvo que o recorrente sexa: beneficiario de xustiza gratuíta, o Ministerio Fiscal, o Estado, Comunidade Autónoma, entidade local e organismo autónomo dependente. Se o ingreso se efectúa a medio de transferencia o núm. de conta IBAN é o seguinte: [redacted] facendo constar, no campo concepto e observacions no xustificante de ingreso e como concepto o número de conta expediente antes salientado